

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 02/03/1978**

**Colección:**

**Data:** 02/03/1978

**De:**

Ricardo Palmás;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orix:**

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Mencionados:**

Rosalía de Castro; Lindsay Kemp; Sir John Moore; Maruxa Seoane; Oscar Wilde; Roger Wolfe;

---

## **Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 02/03/1978**

Londres, 2.3.78

Benquerido Seoane:

Levo xá un mes vivindo aquí, mais non lle escribín denantes pois non tiven casa hasta antonte. Non remataban nunca as obras dentro dela. A pesares diso fun arranxando todo o meu traballo para o boletín do que son correspondente e, tamén, para a revista na que colaboro. Precisamente, onte fíxenlle unha longa reportaxe a Lindsay Kemp, un actor británico que estivo hai pouco en España cunha obra del Flowers, pantomima para Jean Genet. Eu non a puiden ver, mais sei que tiveron un éxito enorme en Madrí e Barcelona. Agora marchan ao Canadá e logo a seguir van a Bs. As. Non deixen de vela, coido que alí tamén farán a Salomé de Oscar Wilde. Supoño que xa estará a traballar de cheo nos grabados sobre a paisaxe galega –eran grabados ou debuxos?– e para as próximas exposicións. Eu, de momento, aínda non teño nada en marcha. Espero coller material gráfico sobre os santos, que lle mandaréi cando o teña. Estóu matinando nunha carpeta de homaxe a Sir John Moore. Qué lle parece a idea? Ocurríuseme o outro día cando por acaso lín o

poema que lle fixo o poeta inglés Wolfe. Non é o que fixo Rosalía, quero dicir non ten a calidade poética do texto en galego, mais foi unha composición imensamente popular aquí, pois todo escolar inglés adeprendéuna de memoria. O proieto sería así: unha edición bilingüe galego-inglesa cos dous poemas en cada unha destas linguas e dous prólogos un para galegos e outro para británicos. Naturalmente, que pensei en vostede para toda a cuestión gráfica e ilustracións. Espero que lle resulte interesante.

Nestes momentos hai en Londres unha exposición monstro sobre o dadá e o surrealismo. Aínda non puíden ir vela, mais faláronme dela mui ben.

Bon, unha aperta funda e lembranzas para Maruxa

Ricardo Palmás

[Escrito na marxe esquerda:] PS.: Meu enderezo é: 8, Southbrook- London 5E. 12

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.